

# morreu demo

A Asociación Cultural Morreu o Demo para a recuperación do títere tradicional galego nace coa intención de traer de volta unha parte case esquecida da nosa cultura. Os títeres tradicionais, que durante séculos foron unha parte esencial do entretemento de xeracións, desapareceron das nosas feiras e do noso ocio.

Sendo **Barriga Verde** o exemplo máis senlleiro desta tradición, a AC Morreu o Demo está a desenvolver un intenso traballo para recuperar a memoria que aínda hoxe se conserva arredor deste popular personaxe. Para alén de conferencias, obradoiros e publicacións na rede, o colectivo promoveu unha serie de propostas pensadas especialmente para empregar en centros de ensino, bibliotecas e espazos culturais, permitindo afondar nesta figura e dala a coñecer entre os máis novos.



## Libro-DVD “Morreu o Demo, acabouse a peseta”

Un volume de máis de sesenta páxinas, ilustracións e fotografías a toda cor repasa en diferentes artigos a tradición europea de títeres na que se insire Barriga Verde, presenta a familia Silvent, que o deu a coñecer en Galiza e reflexiona sobre os procesos de esquecemento. Todo acompañando un documental dirixido por Pedro Solla no que, durante máis dunha hora, coñeceremos os títeres europeos e a historia de Barriga Verde da man dos seus propios protagonistas.

## Biografía “José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde”

Xaime Iglesias é o autor da primeira biografía de José Silvent. O pai de Barriga Verde, logo moi imitado, chegou ao noso país de Estremadura, vía Portugal, e foi o pioneiro en levar os títeres polas feiras en barraca dentro dun espectáculo de variedades, e



para máis en galego! Máis de 200 páxinas amosan a vida deste feirante e da súa familia, acompañando o texto de abondosas fotografías a cor.

### **Exposición: Onde foi Barriga Verde?**

Pensada para idades XXXx a exposición consta de nove lonas que se poden pendurar facilmente e que explican, nunha linguaxe clara e con abondosas ilustracións, quen era Barriga Verde, as variedades dos títeres en Europa, o declinar desta forma de entretemento ou a necesidade de pór en valor os nosos coñecemento tradicionais. A mostra conta cunha guía didáctica específica que completa os seus contidos e permite ampliar o coñecemento sobre este mundo.

### **Actividades**

Conferencias sobre a historia dos títeres, charlas dos autores dos libros e do documental, obradoiros ou proxeccións están a disposición dos centros interesados como complemento a estes materiais.

### **Web**

No web [barrigaverde.eu](http://barrigaverde.eu) vanse publicando diferentes documentos e contidos sobre a historia de Barriga Verde e o títere tradicional. Ademais, conta cun apartado específico para recoller testemuños sobre esta cuestión: recuperar a memoria de Barriga Verde é tarefa de toda a sociedade!

**morreu  
o demo**

**acabouse  
a peseta**

